

## PERANTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

**MANOEL ANXO GARCÍA TORRES**, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405, en cualidade de representante legal e Secretario Confederal de Formación para o Emprego da CIG; perante a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**, comparezo e **DIGO**:

1º.- Que en data 12 de Xullo de 2013 o sindicato que represento solicitou a convocatoria dunha reunión da Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial para tratar sobre o proceso de privatización da xestión do servizo intermunicipal de recollida de RSU e servizos complementares; considerando a Presidencia da Deputación que non procedía a convocatoria da Mesa, ao entender que a Mesa Xeral só era competente na negociación das condicións de traballo dos funcionarios públicos.

2º.- Que a Presidencia da Deputación Provincial promoveu a constitución dunha Comisión pra negociar o traspaso do persoal do servizo intermunicipal de recollida RSU, integrada pola propia Presidencia da Deputación e os membros do Comité de Empresa da institución.

3º.- Que, tras diversas reunións, con data 22 de abril de 2014, entregouse, directamente, a cada traballador/a afectado pola medida, un documento denominado: Proposta da Presidencia sobre transferencia do persoal adscrito aos servizos intermunicipais delegados de recollida de RSU a unha sociedade de capital mixto, por cambio de modo de xestión de servizos.

Tal documento contén unha proposta relativa ás condicións de transferencia, a unha sociedade de capital mixto, dos traballadores/as eventuais, indefinidos e fixos da Deputación Provincial, sinalando como prazo pra opción, do persoal fixo o 30 de Abril de 2014, mais indicando que, naquela altura, aínda non fora subscrito o correspondente acordo co Comité de Empresa.

4º.- Que, con data 28 de Abril de 2014 foi constituída a Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) no ámbito do persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense.

5º.- Que a citada sección sindical ficou integrada por 15 traballadores/as da institución, afiliados da CIG, que representan o 23% dos afectados pola proposta de transferencia (achégase copia da Acta de Constitución da Sección Sindical); elixíndose como Secretario da Sección Sindical e Delegado Sindical ao compañeiro/a: Francisco Xabier Alonso Graña (D.I. nº 34.974.525-N)



Confederación Intersindical Galega

6º.- Que tal órgano de representación conta co carácter de “mais representativo”, dado que o sindicato CIG ten recoñecida tal condición.

Consonte co disposto, no artigo 8.2 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical, no 87.1 do Estatuto dos Traballadores/as e no 44 C) Convenio Colectivo para o persoal laboral da Deputación Provincial, as seccións das centrais sindicais mais representativas teñen atribuído, entre outros, o dereito á negociación colectiva, o dereito á información e entrega de documentación e o dereito a asistir ás reunións do Comité de Empresa.

7º.- Que, consonte cos dereitos atribuídos pola lexislación vixente ao Delegado Sindical da CIG e á propia sección sindical, manifestámoslles o noso interese en participar e solicitamos ser convocados ás reunións de negociación abertas pro traspaso do persoal do servizo intermunicipal de recollida RSU, antes de que estas conclúan, co obxecto de exporlles as nosas propias alternativas.

8º.- Que, en calquera caso, dado o avanzado do trámite negociador, avanzámoslle a nosa posición, sobre certas cuestións xerais do proceso e específicas, a respecto da Proposta da Presidencia que consideramos relevantes pra alcanzar un acordo na materia:

### **I.- Cuestións Xerais:**

**a) O artigo 51 do Convenio Colectivo, en relación cos artigos 33 e 34 do EBEP establece que serán obxecto de negociación na Mesa Xeral, entre outras, as seguintes materias:**

*II) As referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten as condicións e traballo dos empregados/as públicos provinciais.*

É preciso aclarar, malia a negativa da Presidencia a convocar á Mesa Xeral, se o ámbito no que se está a desenvolver a negociación é o correcto ou, pola contra, o ámbito axeitado é o da Mesa Xeral.

b) A negociación que se está a levar a cabo, pra sucesión de empresa, conta cuns requisitos procedimentais, no que atinxe a período de consultas, notificación individual aos traballadores/as, prazo pra execución da medida que discrepan, por exemplo, co prazo conferido aos traballadores/as fixos da entidade (30/04/14) pra exercer a opción prevista na Proposta da Presidencia.



Confederación Intersindical Galega

## II.- Cuestións Específicas

a) Análise do dereito á subrogación nos propios entes locais, do persoal transferido á Deputación por concellos e entidades mancomunadas, en función dos pactos alcanzados no seu momento; así como afectación deste dereito de subrogación pola transferencia proposta á entidade mixta.

b) Análise do dereito do persoal transferido pola Mancomunidade de Concellos da Limia a debater as cuestións que lle afectan no marco da Comisión de Seguimento pactada coa Deputación Provincial, antes da súa transferencia.

c) Proposta relativa a estender as garantías dadas ao persoal laboral fixo, para o caso de despedimento na empresa mixta, ao persoal laboral indefinido da Deputación.

d) Proposta de completar as garantías dadas ao persoal laboral, para o caso de despedimento obxectivo ou improcedente, aos supostos de: despedimentos ou extincións, individuais ou colectivas, por calquera causa, que sexan consideradas, pactadas ou declaradas improcedentes, xustificadas por causas obxectivas, forza maior ou outras e inxustificadas en xeral,

e) Proposta de incluír o dereito ao reingreso na Deputación do persoal laboral, para o suposto de extinción, suspensión ou desistimento da concesión por parte da empresa mixta.

f) Proposta de completar a garantía de aplicabilidade do Convenio Colectivo ao persoal da empresa mixta, non só durante a vixencia do actual, senón dos novos convenios que se poidan subscribir tras a caducidade do que está en vigor.

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

Que se teña por comunicada a constitución da sección sindical da CIG no ámbito do persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense, así como a elección de don Francisco Xabier Alonso Graña, como delegado sindical da CIG e, consonte co manifestado no corpo do escrito, se proceda a convocar, urxentemente, antes de concluír o proceso aberto, a Comisión Negociadora constituída para o traspaso do persoal do servizo intermunicipal de recollida RSU; chamando á participar á Sección Sindical da CIG na persoa do seu Delegado Sindical.

Que, asemade, comunico, o seguinte:



Confederación Intersindical Galega


\* Pra recibir notificacións e comunicacións á Sección Sindical da CIG e o seu delegado sindical, están domiciliados na sede da CIG na vila de Verín, Casa Sindical, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º andar (CP 32600), do Concello de Verín. correo-e: verin@cig-verin.gl e Fax. 988364290.

\* O asesor sindical que acompañará ao Delegado Sindical da CIG ás reunións a que sexa convocado será quen subscribe este documento.

\* Achégase xunto con esta comunicación a seguinte documentación:

- a) Estatutos da CIG
- b) Acta de Constitución da Sección Sindical
- c) Poder do comparecente

En Ourense, a 29 de Abril do 2014

  
Asdo. **Manoel Anxo García Torres**  
Secretario Confederal de Formación para o  
Emprego da CIG